

Onstópous

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

Nº4 / Ano: 2020 / xornal finais de maio / en desescalada polo coronavirus

Este xornal está aberto a todo aquel que queira participar cunha pequena noticia, anécdota, humor,... sobre a Illa de Ons. Pode enviar texto e imaxes a esta dirección: celestinopardellas@gmail.com. Tamén poden visualizar este xornal, ao igual que a revista AUNIOS, na páxina: www.bueu.ga. Logo pinchar no cadro: [Documentación de Bueu](#) e despois en: [Revistas](#).

OUTRO NOME ILLÁN A NON ESQUECER DA SÚA MAGNÍFICA TOPONÍMIA

Os mozos illáns están a esquecerse, a pasos de xigante, da súa cultura popular. É necesario investigala, dala a coñecer e protexela. Aquí un exemplo dun topónimo pouco coñecido que ten como espazo físico a praia de Pereiró e toda unha historia que contarnos. Sobre el tamén escribiu na revista Aunios o especialista en toponimia, Fernando Cabeza Quiles, dando a súa teoría sobre a orixe deste topónimo.

Páx 1

Praia de Pereiró.



UNHA INCURSIÓN PIRATA Á ILLA DE ONS

O Pirata "AlvarDrake" chega á Illa de Ons co tino de facer augada e víveres. Despois de mandarlle uns grolos e un polbo á feira, e xa coa bodega chea, decide seguir a súa singradura, pero.... algo pasa que lle obriga a buscar acubillo nunha furna de Ons...

Páx. 1

O CHIRINGUITO QUE NOS QUITOU A MARUSÍA

A finais dos anos 80 do pasado século XX, na praia de Area dos Cans móntase un Chiringuito que, ademais de dar un enorme servizo aos que escollían esa praia para tomar o sol e bañarse nas súas transparentes augas, tiña o embruxo da noite para, á vez de relaxarse na súa pequena terraza, tamén podías divertirte se o momento e o ambiente requeríao, sen molestar a ninguén.

Unha forte marusía, que case fixo desaparecer a praia, provocou que os seus donos decidiran cambialo de sitio. Páx 3



UNHA CRUZ NO CANTIL DO BURACO DO INFERNO

No Buraco do Inferno da Illa de Ons, hai unha cruz que recorda a un gardamariña que se despenou por eses cantís. Aos 50 anos dese desgraciado accidente, a Escola Naval de Marín rendeuulle unha merecida homenaxe. Páx. 3



VOU NUN BOU

Co título de "A Dios Rogando" a comparsa buenense armou a cántiga de Entroido a unha anécdota acaecida en Ons no ano 2006 o día de Defuntos...

Páx. 2

O CHAPAPOTE DO POLYCOMMANDER

Fai 50 anos que o petroleiro Polycommander encallou nas Cíes. Perdeu 15.000 Tn. de fuel que foron espaxados por parte da costa das rías de Vigo e Pontevedra, chegando á Illa de Ons. Páx. 4



Interesante libro.

DIARIO

"LA NOCHE"
2 de agosto 1967
Fin de obras do Centro Cívico.
Entrega da obra por parte do Gobernador Civil da provincia D. Ramón Encinas Diéguez. Páx. 5

RODAXE DA PELÍCULA <ONS>

Durante o mes de outubro, o director Alfonso Zarauza gravou na Illa de Ons a película "ONS", unha rodaxe con moitos contratemplos por mor da meteoroloxía. Contou un reparto de grandes actores e actrices galegos, así como veciños da Illa que actuaron de extras. Páx. 2



OUTRA EXPLICACIÓN A UN TOPÓNIMO ILLÁN

Na magnífica revista Ardentía no seu nº 6 de 2011, Eduardo e Manolo Parada fan unha entrevista a un pescador grovense sobre a pesca da Lagosta na costa galega e sobre os mariñeiros de O Grove que se dedicaban a súa captura. Unha das zonas elixidas por estes mariñeiros mecos, era a costa da Illa de Ons. Relata: “*Á lagosta... no mar de Ons, faenábase na Freitosa, Magalán, no Monte Seco, a Minguella, Suances e na Porta. (Postas situadas polo Oeste e Suroeste de Ons e a Onza)...*” Pasan logo a comentar sobre os aparellos que utilizaban: “*As corenta nasas aparelábanse en dúas caseas de vinte, con 7/8 brasas de fame entre cada unha. Pola tarde cando entraba a garroa (vento do mar, fresco a duro) metíámonos en Fedorentos ao abrigo. Se había que cambiar de posta, facíase con calma a remos ou a vela en popa, xa que coa meda de nasas a bordo non había modo de navegar a bolina...*”. Interessante o comentario onde nos din que ao ir vender ou achegarse a terra, non levaban os aparellos no barco, senón que os deixaban na propia Illa: “*Para ir á venda ou a terra deixabamos as nasas nos muelles das illas ou nas praias de Curro en Ons...*”

Xa por último, comentan que: “*... O rancho facíase na lousa cosedoira a base de peixe que tomabamos pescando á liña. Eran principalmente, fanecas, lavancos, e algún boi. Tamén lagostas que morrían ou viñan chocas do polbo, congro seco ou maragotas curadas que preparaban en Ons e en Noalla e que cambiabamos por peixe fresco. Todo acompañado dalgunha pataca ou arroz e refervido as máis das veces, que aceite non había...*”

Esta última nota, é a máis interesante para comentar o topónimo que xurdiu na Illa. Contan que, cando viñan os “mecos” a pescar á Illa, tiñan o costume de achegarse á praia de Pereiró e, mesmo no barco coa <lousa cosedoira> (pedra que poñían dentro do barco e, sobre ela, acendían o lume.) ou, saltando ás rochas, facían a caldeirada. A esa zona onde arribaban para facer o rancho, os illáns puxéronlle o nome (topónimo) de:

<Onde cocían os mecos>



UN LARPEIRO EN ONS

Adrián, de Larpeiros TVG, aproveitou a súa visita televisiva a Ons, para coñecer ás dúas persoas con máis carisma desta Illa, Cesáreo e Tinón. Despois de moito insistirles, accederon a facer unha foto con el.



UNHA INCURSIÓN PIRATA Á ILLA DE ONS

Fai uns anos, un veleiro pirata ao mando de SiR-ño “*Alvar Drake*”, achegouse a Ons a facer augada e víveres. Fondearon fronte ao peirao e, despois de encher as ánforas con auga da fonte de Melide, dirixíronse á tenda do piratiña “*Manolitouuuuu!!!*”, daquela coñecida como “*El Corte Ingles*” (sen acento no e) a coller víveres e, despois de tomar unhas cervexas, levaron áncoras. Logo, non sabemos o que aconteceu, uns falan dunha forte treboada xurdida de súpeto; outros, sen embargo, dun enfrontamento por sorpresa coa escuadra de dornas do almirante “*Sesarións*”; o caso é que o Pirata “*Alvar Drake*” foi dar a unha das praias da Illa que conta coa Furna máis feiticeira de Ons, e alí quedou acochado. Sabemos que mandou unha mensaxe nunha botella de Whisky da marca <Facebook>, onde contaba:

Teño a cuevini chea de polbo seco, robaliza, centolas e nécoras do día. Un puñado de camaróns e ovos de gaivota. Leña seca para seis meses. Un arpón feito cun garfo oxidado e un coitelo adentado. Musica de Lynyrd Skyrd e un tiratacos con dardos adormecedores, que frego na chepa dun sapo verde. Ao que se achegue, cárgomol!!!.

Benvidos ao meu mundo.



ONS NA MEMORIA

A mediados dos anos 80, un pescador submarino foi requirido polo mesmísimo “*Franco*” para que lle recuperara unhas gafas que levaba no peto da camisa e que lle caeran ao saltar do barco. Este deportista achegouse ao lugar onde o barco amarraba e baixou co tino de buscar os anteollos. Case monta unha óptica!!!, pois sacou un bo número delas que se atopaban no fondo. O detalle é que, esta achega ao peirao, provocou que visualizara a situación de deterioro no que se atopaba na súa parte somerxida. Ao saír, comunicoullo a un dos fareiros que estaban de garda nesa quincena e este fixo o propio con Portos, que despois de comprobar a veracidade da nova que lle comunicaban, ao ano seguinte comezaron as primeiras obras de reparación do fondo do peirao. Comezo das obras que reflicten a foto que acompaña.

VOU NUN BOU. "A DIOS ROGANDO"

Era o día de Defuntos e moitos illáns achegáranse á Illa para honrar aos seus no camposanto. Ao estar pechada a capela e non haber crego alí, unha rapaza illán, desas de armas tomar, que trouxera unhas estampas nas que na súa parte traseira había unha oración, congregou aos alí presentes diante da porta da capela e púxose a predicar léndoas. Cando xa levaba unhas cantas e os veciños dispóñanse a seguir coas súas tarefas, sacou do mandil un montón delas máis para seguir co seu credo. Sendo como era, quen lle dicía que non!!!

A DIOS ROGANDO

Na Illa houbo cerimonia
día de tódolos santos
ela dirixía os rezos
no lugar do camposanto

Púxolle tanto fervor
cando foi dicir o credo
xa conseguira reunir
tres Dioses e dous Sampedros

ESTRIBILLO

*Carallo!!! vin visitar os defuntos
e estou algo emocionada
pro ano tamén hei de dar as ostias
que xa estou acostumbrada*

*Estas son historias da Illa
estas son historias de Bueu
Estas son historias da Illa
estas son historias de Bueu*

Non había monaguillo
que lle tocara a campana
ela virou o mandil
dixo: "xa teño sotana"

Díxolles non vós queixedes
que xa tendes cura novo
¡¡¡mira qué cachas, qué peitos!!!
¡¡¡jeste cura, ten de todo!!!

ESTRIBILLO

A cousa non é de broma
que comentou moi en serio
a ver se xunto unhas monxas
pra fundar un monasterio

Propoñemos desde aquí
aínda que sone de risa
na festa de San Xaquín
deixen a ela, facer a misa

ESTRIBILLO



RODAXE DA PELÍCULA "ONS" DE ALFONSO ZARAUZA

A rodaxe presentouse en outubro (2019) en Bueu na carpintería de ribeira do <Estaleiro de Purro>. Está considerado como un filme de drama e misterio. Contou con actores da talla de Antonio Durán "Morris", Miguel de Lira, Melania Cruz e Marta Lago, entre outros, a máis, dos illáns Cesáreo e Pepe de Miro como artistas secundarios principais, xunto a un bo número de extras da propia Illa.

O seu director, Zarauza, comentou sobre ela: "... que era o proxecto máis complexo e apaixonante que teño entre mans. Trátase dun filme de misterio, cun verniz autoral, e que trata o amor desde a propia necesidade del... O traballo ten unha clara visión feminista, tanto na historia que conta como na cantidade de mulleres que participan."

Sobre a rodaxe os seus protagonistas dixeron: "O cambiante clima da illa foi tamén un desafío. Para os personaxes que mudan de carácter coas estacións e para ese equipo que durante seis semanas e medio intenta rodar o inverno e o verán de Ons.":



O actor galego Morris xunto a tres grandes actores, de alto caché e renome internacional, que actuaron na rodaxe desta película. Por nada se perderían actuar na paradisíaca Illa de Ons.

Morris, acompañado de tres "Currás" facendo unha das súas, nun descanso da rodaxe. Chefa, a cociñeira, non perdía detalle.



Unha das tomas no Faro da Illa. Ese día o tempo acompañou.

O incombustible Cesáreo facendo de patrón en seco, noutro intre da rodaxe.



O Bar-Restaurante Pirata, transformouse nunha taberna de época que dou pé a unha innumerable toma de imaxes.

O CHIRINGUITO DE ONS

Corría o ano de 1989 cando na praia de Area dos Cans, Mino Costas xunto coa súa muller, a illán María Pérez, montan un chiringo .

Aquilo foi toda unha novidade. Primeiro por ter un sitio máis, e na praia, onde tomar un algo e relaxarse, e segundo porque os seus donos eran unha parella fantástica.

O sitio era escaso, pero o suficiente para desconectar e pasalo moi ben, cunha música tranquila que daba pé, case, á meditación.

Moitas noites se teñen pasado alí, baixo a luz da lúa, onde as copas axudaban a dar renda solta aos interminables faladoiros que alí se montaban, sen esquecerse dalgunha festa que, sen alterar a tranquilidade que se respiraba, a charla daba paso ao baile que se prolongaba mentres o corpo aguantara.

Só o mar foi quen de facer cambiar de lugar ese espazo engaiolante que, aínda que o cambio foi a mellor en espazo, sempre quedará nas nosas retinas a maxia enmeigante que tiña a noite no primitivo chiringo ao carón da praia.



O chiringo nun precioso día de praia.



O chiringo durante unha forte marusía.

M A R I N

Un guardiamarina de la E. N. M. desaparecido en Ons

Se despeñó al mar desde un acantilado

(De nuestro corresponsal, Intestino).

El guardiamarina de la Promoción 27 de Infantería de Marina don José Luis Herrero Paadín, que formando parte del grupo de 127 alumnos de Infantería de Marina había salido en la mañana del viernes para la isla de Ons, a bordo del destructor «Almirante Antequera», con objeto de realizar las prácticas de campo previstas para dichos alumnos, bajo la dirección de sus profesores los comandantes de Infantería de Marina Fiol, Bolívar y Galiana, y los capitanes Bravo, Montero, y Catalán, sufrió un accidente y desapareció en el mar, suponiéndose haya perecido ahogado.

Según la información que pudimos recoger, sobre las cuatro y media de la tarde del viernes el citado guardiamarina se separó con otro compañero, de la patrulla de la que formaba parte, dirigiéndose a un acantilado denominado «Cova d'o Inferno», de una altura de 60 a 70 metros sobre el mar, e intentaron descender al fondo; uno de ellos desistió, a la mitad del descenso, a la vista del evidente peligro, continuando el guardiamarina Herrero Paadín, que tuvo la desgracia de caerse en aquella sima que da al mar. Dada la alarma por su compañero, se iniciaron por todos los alumnos bajo la dirección de los citados jefes y oficiales los trabajos de recuperación, en tanto se daba aviso a la Escuela Naval, de donde salió para el lugar del suceso el destructor «Almirante Antequera», que colaboró desde la mar en los trabajos de localización y recuperación del desaparecido, sin que pese a ello haya podido localizarse, hasta el momento, permaneciendo todavía en el lugar el citado destructor y un destacamento formado por profesores y alumnos de Infantería de Marina, con los que colabora el personal civil de la isla.

Se supone que haya sido arrastrado por la fuerte resaca existente en aquel lugar.

El infortunado guardiamarina

es natural de El Ferrol del Cau- | proyectista don José Herrero
dillo hijo único del delineante | Mera.

HOMENAXE AO GARDAMARINA FALECIDO NO BURACO DO INFERNO, HAI 50 ANOS

Como podemos ler nesta noticia do Pueblo Gallego do 20/10/1963, o gardamariña da Escola Naval Militar de Marín, José Luís Herrero Paadín, perdeu a vida nos cantís do Buraco do Inferno da Illa de Ons, realizando unhas prácticas de campo cos seus compañeiros.

O seu corpo non apareceu. Quizais deberían preguntar aos illáns que prácticas se realizaban cando algún percebeiro desaparecía nese lugar, pois, se pasados máis de nove días o seu corpo non xurdía, organizaban unha comitiva nocturna con candeas acesas dende a capela de Canexol ata o Buraco. Ao chegar, e despois de que *“unha muller desas”*, meiga, dixera unhas palabras, botaban as candeas ao fondo do Buraco para que o Demo soltara o corpo. Segundo parece, aos poucos días, sempre xurdía o corpo do afogado.


A Escola Naval, no seu 50 aniversario, (2013), fíxolle unha homenaxe no propio Buraco, deixando unha coroa de flores na cruz que se colocou no lugar no intre do seu pasamento.



O LIBRO “O faro de corazÓNS”. Manuel Felpeto e Elena Silvoso

“O faro de corazÓNS” é un deses magníficos libros que nacen na procura de intentar ensinar e traballar pola nosa cultura e os nosos alumnos. Os mestres, Manuel Felpeto e Elena Silvoso, como ilustradora, sacaron á luz esta publicación por mor do Proxecto anual da Biblioteca do CEIP San Tomé de Cambados (curso 2014/15), onde traballaban, que levaba por título “Os faros e a Luz”, co tino de ofrecer aos alumnos unha obra literaria sobre a que traballar as competencias das áreas de Lingua Galega e Castelán. A historia sitúase nos anos que van dos 70 aos 90 s.XX, no que a Illa de Ons sofre unha despoboación masiva que provoca o peche da escola e afecta sobre todo aos que non poden abandonar a Illa: o fareiro e a súa familia. Paralelamente, o barrio mariñeiro de San Tomé (Cambados) ve como se inaugura o seu colexio con que establecerá fortes vínculos. Martiño e Lía, dous rapaces que son testemuñas deses sucesos e as súas vidas, tan diferentes, crúzanse grazas a unha paixón que teñen en común: o faro de Ons. Libro moi documentado que, no que respecta a Ons, trata do tempo en que os veciños se viron abocados a unha emigración forzosa, sobre os fareiros, sobre o novo turismo,... Posúe unha interesantísima Guía Didáctica coa que traballar diferentes contidos curriculares.

A pena é que só se fixeron uns 200 libros patrocinados polo concello de Cambados para o colexio. Coidamos que é un libro interesantísimo, de moi doada lectura,... e que será unha axuda moi efectiva para os colexios da bisbarra do Morrazo. Por iso emprazamos á Autoridade Portuaria, a Parques Nacionais, Consellerías de Cultura e Educación, concello de Bueu,... a que intenten contactar cos autores (Colexio Santo Tomé de Cambados) para a súa publicación. O éxito está garantido.



MELLORES POLÍTICAS PARA A ILLA DE ONS

Normalmente, cando nos falan de política, sempre é dende un punto de vista macro e á maioría dos cidadáns parece que lles cae un pouco lonxe do seu entendemento. Pero o que si entenden é cando os políticos actúan en forma micro, é dicir, na zona onde viven, aí comprobamos se o están a facer ben ou non, ou, si verdadeiramente o que predicamos logo o realizan.

Estes meses estivemos comprobando como os políticos da oposición a nivel nacional e os autonómicos, protestaban polas actuacións do Goberno central, falando de enganar, falta de seriedade e transparencia, de prepotencia, de falla de información,..., improvisación. Manifestacións que consideramos lóxicas, xa que o pobo ten que estar informado e a transparencia política é fundamental. Pero, o que máis chama a atención, é comprobar como, os que critican, nos seus respectivos lugares de goberno, non cumpren co que agora reprochan.

En Galicia, a Consellería de Medio Ambiente, con respecto a Ons e aos seus veciños, está a facer o mesmo que o Sr. Presidente da Xunta recrimina ao Goberno central.

Tardaron 15 anos en realizar un Prux para o Parque. Fixérono ás costas dos veciños, non contaron con eles para nada. Non houbo transparencia, pois non saben quen foron os seus asesores en todos os campos que había que traballar. Aínda non están no Padroado das Illas e iso que lles obrigaron a ser concesionarios por Imperativo Legal. Non saben se as súas reclamacións ao Prux foron atendidas e, se non, por que. Non incluíron no Prux as cotas veciñais e logo, sen consultalos, improvisaron unha normativa que nin eles mesmos entendían. Non involucran aos veciños nas súas actuacións na Illa cando estas van a influír na vida cotiá dos illáns.... Como se pode criticar o xeito de actuacións doutros políticos cando eles están a facer o mesmo?

No mes de setembro de 2019, fai 8 meses, prometeron dar solución á cota veciñal, falando dunha cota de 800 persoas (entre veciños, parentes e amigos) e se se superaba, poderían ata quitar 300 da cota xeral de visitantes. En 8 meses non foron quen na Xunta e Parques de tramitar esa demanda veciñal aprobada pola administración e veciños en setembro e, aínda por riba, cando está a piques de comezar a tempada estival, de novo, improvisando e incumprindo o acordado, cambian as cousas.

Esa é a forma de gobernar do Sr. Feijoo en Galicia? Como pode estar criticando ao Goberno central e el logo, en Galicia, estar a facer o mesmo que critica? Así son os políticos, e é no seu xeito de funcionar a nivel pequeno (Illa de Ons) onde descubrimos, con esas malas actuacións, o nefasto das súas políticas.

Os illáns están a loitar polos seus dereitos, gañados en máis de 200 anos de duro traballo. Coidamos que é interesante que os veciños, a partires de agora, se involucren máis nas actuacións que Parques realiza na súa Illa.

A pregunta do millón: <“*En Ons non hai servizos porque non hai veciños?*” ou “*Non hai veciños porque non hai servizos?*”>



OS EFECTOS DO POLYCOMMANDER EN ONS

Hai 50 anos, o 5 de maio de 1970 ao carón das Illas Cíes, encalla o petroleiro Plycommander. Chegara a Vigo de arribada para evacuar a unha camareira que levaba uns días indisposta. Ao querer saír de novo, fíxoo entre as Cíes e Cabo Home e, suponse que por un erro, foi bater cuns baixos que provocaron unha vía de auga, a conseguinte perda de petróleo (arredor de 15.000 tn.) e un grande incendio cunha enorme fumareda negra, amén do desastre ecolóxico.

Foi o primeiro petroleiro que embarrancou nas costas galegas e a preparación para evitar a marea negra era totalmente nula. A primeira decisión foi retirar as bateas que estaban preto da zona e para as tarefas de control do cru se improvisaron métodos tradicionais que, neses intreos de desesperación, se lle ocorreron. Así o contan: “*La marea negra producida se intentó controlar y se logró en buena parte, con medios artesanos, colocando un grupo de pesqueros de la ría unas telas, y formando una barrera, bajo las órdenes del ilustre guardés Teniente de Navío D. Laureano Galiñanes Vega, destinado entonces en la Comandancia de Vigo, y al que en reconocimiento de su excelente labor en este accidente se le concede la Cruz del Mérito Naval de 1ª Clase (Distintivo Rojo)*”.

Todos os intentos foron en van e o negro petróleo estendeuse por toda a costa da ría de Vigo ata Oia e polo norte ata a ría de Pontevedra e Illa de Ons. Aínda que a propaganda do Réxime esforzouse en contar que todo estivo controlado e que o chapapote desapareceu da costa nun par de meses, o certo é que en zonas, como Ons, o chapapote estivo presente ata o desastre do Prestige.

En Ons, as zonas máis danadas ou, polo menos, as que se puideron comprobar dende mediados dos anos 70 s.XX, foron as praias de Fedorentos e Area dos Cans. Na solitaria e case inaccesible Fedorentos, o chapapote estaba nas pequenas furnas da súa banda leste, pintando as súas paredes de negro. Na furna principal, ou máis grande, quizais polo tránsito contrabandista da época, atopábase bastante limpa, tanto na area como nas paredes, ás que o mar non chega.

Na de Area dos Cans, o chapapote estaba principalmente en dúas zonas. Na parte norte, nunha baixada que dende as casetas dos mariñeiros ía as rochas, estas, estaban negras completamente. O outro punto era na area e nas rochas da zona norte, mesmo onde acababa a area de praia e comezaba a pedra, había unha enorme balsa de chapapote que, grazas á area que o mar traía na primavera-verán quedaba tapada case na súa totalidade, pero chegado o outono-inverno, coas marusías, quedaba ao descuberto.


En varias ocasións, o mellor xefe de Campo de Traballo que tivo Ons, Suso Maquieira, coñecedor do problema, estivo coa idea de, cos rapaces do Campo, quitar de alí esa pegada do Polycommander, pero nunca se chegou a facer porque as actividades medio ambientais dos moz@s do Campo estaban programadas e dirixidas polos operarios de Medio Ambiente na Illa e non deberon de considerar ese tema prioritario, ao ver que a area, no verán, tapábaa.

O certo é que alí estivo esa charca de chapapote durante 32 anos, ata que, co desastre do Prestige, entrou nas tarefas de limpeza como se se tratara de fuel dese accidente.



Os veciños de Ons, nun dos seus moitos xeitos de levar a loita ante una administración que os ignora.

Catorce millones y medio se han invertido últimamente en el pueblo



El Gobernador civil habla a los paisanos de Ons, en el patio de las nuevas escuelas. Al fondo se ve la iglesia de reciente construcción. --- (Foto Nando).

PONTEVEDRA. (De nuestro corresponsal).

El gobernador civil de la provincia, don Ramón Encinas Diéguez, acompañado de los técnicos y jefes de Servicios Provinciales embarcó ayer en el muelle de Bueu con objeto de visitar las realizaciones efectuadas por el Instituto de Colonización en la isla de Ons. La travesía hasta la isla se hizo en el barco de Obras del Puerto "Rías Bajas". Las autoridades provinciales fueron recibidas en Ons por el alcalde pedáneo, que les mostró todas las obras realizadas últimamente. La inversión que el Instituto ha efectuado asciende a un total de catorce millones seiscientos siete mil pesetas por los conceptos de Centros Cívicos y Cooperativa, saneamiento y urbanización, camino longitudinal, electrificación y repoblación forestal. Asimismo las autoridades visitaron los nuevos edificios de escuelas de niños y niñas con viviendas para maestros, la nueva iglesia y casa del cura, y la vivienda para el médico. En el patio de las escuelas hicieron uso de la palabra, ante los vecinos de la isla, el Gobernador civil, el ingeniero de Colonización Sr. Contreras Biotons, el inspector de

Primera Enseñanza Sr. Sabell y el sub-jefe de Sanidad señor Hernández, que expusieron ante el vecindario los motivos que han impulsado esta serie de realizaciones y la preocupación que sienten sus respectivos departamentos por impulsar el desarrollo económico-social de Ons. A partir de septiembre la isla contará con el funcionamiento de los distintos servicios y se preven otros nuevos, como la instalación de un radio-teléfono, la creación de un Tele-Club, la formación de una cooperativa agraria y el estudio de la reforma y ampliación del puerto.

El Gobernador civil y las autoridades que lo acompañaban departieron largamente con los vecinos de Ons y se interesaron por todos los problemas que les afectan. Para que se resuelvan en el plazo más breve el Gobernador nombró delegado gubernativo en la isla, con todas las atribuciones que tal cargo confiere, a don Isaac Macusino Villar, que permanecerá durante unos meses en la isla para estudiar con más detalle todo lo concerniente al desarrollo de la comunidad. Finalizada la tarde las autoridades regresaron a Bueu.